

# INÉS DE CASTRO, UNHA MULLER PARA O 8 DE MARZO



- Ilustracións: nenos e nenas dos CEIP, CPR e CEE de Monforte de Lemos, Pobra de Brollón, Currelos, Bóveda, Saviñao e Sober.
- Deseño e maquetación: CIM de Monforte.

## Agradecementos:

Este conto foi posible grazas á colaboración de moitas institucións e persoas:


- Colectivo “Lemos le”, integrado polas bibliotecas escolares, bibliotecas municipais de Monforte de Lemos e Comarca e a Asociación de Libreiros de Monforte.
- CEIPs, CPR e CEE de Monforte de Lemos, Pobra de Brollón, Currelos, Bóveda, Saviñao e Sober.
- Nenos e nenas que facendo uso da súa creatividade, expresión artística e dedicación fixeron posible as ilustracións deste conto:
  - Portada: 5º curso E.P., CPR PP. ESCOLAPIOS, Monforte de Lemos.
  - Contraportada: curso 5ºB E.P., CPR TORRE DE LEMOS, Monforte de Lemos.
  - Nacemento de Inés (páx. 2 e 3): 6º curso E.P., CEIP POBRA DE BROLLÓN.
  - Infancia de Inés en Monforte de Lemos (páx. 4 e 5): 5º curso E.P., CPR TORRE DE LEMOS, Monforte de Lemos.
  - Adolescencia en Alburquerque (páx 6): curso 5ºB E.P., CPR PP. ESCOLAPIOS, Monforte de Lemos.
  - Xuventude en Alburquerque (páx. 7): curso 5ºA E.P., CPR PP. ESCOLAPIOS, Monforte de Lemos.
  - Recepción real en Coímbra (páx. 8): curso 5ºA E.P., CEIP COLEXIO NOVO, Monforte de Lemos.
  - Voda de Constanza e Pedro (páx. 9): curso 5ºB E.P., CEIP COLEXIO NOVO, Monforte de Lemos.
  - Desterro de Inés (páx. 10): curso 5ºB E.P., CEIP A GÁNDARA, Monforte de Lemos.
  - Morte de Constanza (páx. 11): curso 5ºA E.P., CEIP A GÁNDARA, Monforte de Lemos.
  - Reencontro de Inés e Pedro en Coímbra (páx. 12): curso PCPI Restauración, CEE INFANTA ELENA, Monforte de Lemos.
  - Despedida de Inés e Pedro (páx. 13 e 14): 5º curso E.P., CPR FERROVIARIO.
  - Morte de Inés (páx. 15 e 16): 3º ciclo de E.P., CEIP CURRELOS.
  - Coroación da raíña morta (páx. 17): 1º ciclo de E.P., CEIP CURRELOS.
  - Peregrinaxe do corpo de Inés ata o Mosteiro de Alcobaça: BIBLIOTECA SAVIÑAO.
  - Inés na Historia (contos, lendas, cantigas...): nenos e nenas do CEIP de SOBER.



Hai moitos, moitos anos, no 1320, Aldonza Lorenzo e Pedro de Castro, señor de Monforte de Lemos e mordomo real do rei castelán Afonso XI, tiveron unha fermosa nena, que recibiu o nome de Inés de Castro.








Os primeiros recordos de Inés foron do fermoso castelo de Monforte e do marabilloso val que se estendía aos seus pés.






Inés divertíase e soñaba con poder coñecer algún día novos lugares e novas xentes.

Neses momentos non sabía que o seu desexo se faría realidade moi pronto.



Sendo aínda nena,  
Inés marchou ao castelo  
de Alburquerque en  
Badaxoz, onde Afonso  
Sánchez e a súa esposa  
Tereixa, donos do  
castelo, a coidaron coma  
unha filla.

Alí educouse e  
converteuse nunha moza  
intelixente, educada e  
fermosa; tanto que a  
chamaban “pescozo de  
garza”.





No 1340, Inés recibiu unha nova que lle cambiou a vida: a súa curmá Constanza pediulle que a acompañase a Portugal onde ía casar con Pedro, o príncipe de Portugal e fillo dos reis Afonso IV e Beatriz.






Na véspera da voda no Palacio Real de Coímbra, que naquel entón era a capital do reino de Portugal, houbo un gran festexo.

Don Pedro e Inés coñecéronse e namoráronse un do outro.

Non obstante, Constanza e Pedro tiveron que casar xa que neses tempos as persoas da nobreza casaban por mandato dos seus pais e nais.

Don Pedro quixo que Inés quedara preto del en Portugal polo que durante catro anos, ata 1344, Inés e Pedro víronse e quixéronse ás agochadas, cousa que enfadaba moitísimo á nai e ao pai de Pedro.






En Portugal, ninguén quería a Inés.

No 1344, o rei Afonso IV decidiu desterrar a Inés de Portugal e mandouna a Alburquerque. A súa idea era que a distancia acabase co amor entre Pedro e Inés, pero non foi así xa que o amor ente ambos era moi forte e seguíronse vendo e carteándose.


¡VETE, NO  
VUELVAS!

Tras casar, Pedro e Constanza tiveron a Luís (1340, que morreu ao pouco de nacer), a María (1342) e a Fernando (1345).

Pouco tempo despois de nacer o último fillo, Fernando, Constanza caeu moi enferma e morreu a finais de 1345.







Don Pedro, agora viúvo, pensou que, por fin, podería amosar o seu amor pola súa querida Inés e decidiu chamala cara o seu lado.

Inés regresou a Portugal no ano 1346 e durante nove anos, ata 1355, viviu con Pedro os mellores anos da súa vida, expresando o seu amor sen esconderse de ninguén.

Neses anos tiveron a Afonso (1346, que morreu aos poucos días de nacer), a Beatriz (1347), a Xoán (1349) e a Dinís (1354).

As ilusións de Pedro de que o seu amor con Inés fose aceptado, non se cumpren.


O odio contra Inés era cada vez maior e o rei e as persoas próximas a el pensaban que Inés e os seus fillos varóns eran un perigo.


Estando as cousas así, os conselleiros reais Pedro Coelho, Álvaro Gonçalves e Diego Pacheco tramaron co rei de Portugal, Afonso IV, a morte de Inés. Aproveitaron un día que Pedro ía nunha cazaría para cometer o asasinato de Inés de Castro o 7 de xaneiro de 1355.













Cando Don Pedro regresou da  
cazaría a Coímbra e viu todo o que  
pasara, sentiu moita tristura e rabia.

Comezou unha guerra contra o seu  
pai que durou medio ano e á que lle  
puxo fin a raíña Dona Beatriz.



Dous anos despois da execución de Inés, no 1357, o rei de Portugal, Afonso IV morreu e o seu fillo, Pedro, accedeu ao trono reinando co nome de Pedro I.

Xa sendo rei, Pedro, fixo a “Declaración de Castanhede” na que dicía que casara con Dona Inés no 1354 polo que Inés se convertía en raíña despois de morta.



Conta a lenda que fixo desenterrar o corpo de Inés e que a sentou no trono para que toda a corte de Portugal lle rendese honores.



DE CASTRO

O rei Pedro perseguiu durante os dez anos do seu reinado aos tres conselleiros reais responsables da morte de Dona Inés e logrou capturar a dous deles, a Pedro Coelho e a Álvaro Gonçalves aos que castigou cruelmente.

No 1361 ordenou trasladar o corpo da súa amada Inés ao mosterio de Alcobaça onde mandara construír un fermoso sepulcro para ela. Contan que a peregrinaxe ata Alcobaça foi iluminado por multitude de fachos en sinal de honra para a raíña Inés de Castro.





A história e lenda de I  
de Portugal segue sendo fonte  
literária e ponto de encontro





Inés de Castro e de Pedro I  
de inspiración artística e  
entre Galicia e Portugal.

Inés de Castro  
unha muller  
para o 8  
de marzo



Coñecer a nosa historia e ás mulleres relevantes que deron vida a esa historia é unha ensinanza moi valiosa para o noso presente e o noso futuro.

Ata fai relativamente pouco os logros das mulleres eran subestimados e mesmo ocultados, non obstante, sabemos que foron moitas as mulleres que fixeron Historia coas súas historias. Este feito guía un dos propósitos deste conto: rescatar do pasado e aproximar ao presente a vida dunha muller da comarca de Lemos, Inés de castro, para darlle o protagonismo que se merece.

A Inés de Castro tocoulle vivir nunha época chea de prohibicións e escuridade para as mulleres na que os seus comportamentos eran vixiados, xulgados e ordenados continuamente polos homes que eran os que garantían a orde social. Afortunadamente tamén houbo luces e este conto pretende ser unha pequena mostra delas.

Ana María Casal Rivas, Concelleira de Igualdade e Inmigración



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS



Concello de Monforte de Lemos